

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE EMPREGO E SEGURIDADE SOCIAL

**15765** *Real decreto 1716/2012, do 28 de decembro, de desenvolvemento das disposicións establecidas en materia de prestacións pola Lei 27/2011, do 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema da Seguridade Social.*

A Lei 27/2011, do 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema da seguridade social, modificou determinados preceptos do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, e incorporou, así mesmo, novas disposicións no citado texto legal que introducen importantes innovacións no réxime xurídico dalgunhas prestacións da Seguridade Social.

Resultan especialmente significativos os cambios normativos que atinxiron a pensión de xubilación, tales como a exigencia de forma progresiva e gradual da idade de acceso á xubilación; a modificación paulatina do sistema de cálculo da base reguladora, con especial atención ás persoas que se viron obrigadas a abandonar a súa vida laboral a unha idade próxima á xubilación; o establecemento de novas porcentaxes aplicables á base reguladora para determinar a contía da pensión; a variación das porcentaxes por prolongación da vida activa laboral ou, finalmente, a fixación de novos coeficientes redutores da idade na xubilación anticipada. O real decreto ten por obxecto, en consecuencia, desenvolver determinados aspectos da nova ordenación legal que se consideran necesarios para facilitar a aplicación paulatina e gradual das medidas que deben facerse efectivas a partir do 1 de xaneiro de 2013.

A nova regulación fixa a idade ordinaria de xubilación en termos de anos e meses durante un período transitorio que se estende até o ano 2027. E, ademais, nos casos de xubilación anticipada, a anticipación non se mide por anos senón por trimestres. En consecuencia, é preciso que o cómputo dos meses para determinar a idade ordinaria que corresponda en cada caso se faga de data a data por ser o criterio común e habitual para computar a idade e gardar relación co establecido no artigo 5 do Código civil respecto do cómputo de prazos. Do mesmo modo, para efectos de computar os trimestres de anticipación convirá operar de data a data, tomando como referencia sempre o día de cumprimento da idade ordinaria e, a partir de aí, computar os trimestres.

Tamén, a partir do 1 de xaneiro de 2013, para o acceso ás pensións da Seguridade Social, así como para a determinación da súa contía, os prazos sinalados na lei en anos, semestres, trimestres ou meses serán obxecto de adecuación a días, mediante as correspondentes equivalencias. A nova regulación fai depender a idade ordinaria de xubilación do período de cotización acreditado expresándoo en anos e meses; a porcentaxe aplicable a partir dos primeiros quince anos defínese mediante a aplicación dun coeficiente por mes de cotización e os coeficientes redutores por xubilación anticipada difiren segundo que o interesado teña 38 anos e 6 meses de cotización ou non. É dicir, a nova regulación emprega non só o ano senón tamén o mes como unidade de tempo relevante para distintos aspectos da xubilación, polo que cómpre establecer unha fórmula obxectiva e única que converta a unidade de tempo «día» en unidade de tempo «mes», fórmula que debe garantir o principio de igualdade de trato entre todos os cidadáns que soliciten unha pensión.

A Lei 27/2011, do 1 de agosto, introduce, así mesmo, mediante a disposición adicional sexaxésima da Lei xeral da seguridade social, algunhas previsións específicas que amplían os beneficios por coidado de fillos ou menores e que se concretan en dúas medidas en particular: protección nas situacións de interrupción da cotización nos supostos de nacemento ou adopción de fillos ou acollemento de menores e ampliación dos períodos considerados como cotizados nos casos de excedencia por coidado de fillos

ou menores acollidos. O real decreto desenvolve o contido e facilita a aplicabilidade destes novos beneficios na xestión das prestacións, tendo en conta os supostos en que aqueles concorran co recoñecemento de días asimilados por parto e cos períodos de cotización efectiva derivados das situacións de excedencia antes mencionadas.

A Lei 27/2011, do 1 de agosto, sinala tamén que o dereito a percibir os complementos necesarios para alcanzar a contía mínima das pensións cuxo feito causante se produza a partir do 1 de xaneiro de 2013 está suxeito ao requisito de residencia en territorio español, nos termos que legal ou regulamentariamente se determinen. En cumprimento desta medida, o real decreto entende que, por equiparación coas prestacións familiares económicas, de modalidade non contributiva, o beneficiario da pensión ten a súa residencia habitual en territorio español cando as estadas no estranxeiro son iguais ou inferiores a 90 días ao longo de cada ano natural.

Na disposición transitoria primeira o real decreto refírese á aplicación das normas regulamentarias que, ao abeiro do número 2 da disposición derradeira décimo segunda da Lei 27/2001, do 1 de agosto, deben permanecer vixentes despois do 1 de xaneiro de 2013, como consecuencia da coexistencia de dúas regulacións en materia de xubilación, e na disposición transitoria terceira recóllense determinadas peculiaridades en relación coa xubilación dos traballadores que teñen a condición de mutualistas.

No proceso da súa tramitación, o real decreto foi sometido á consulta das administracións públicas implicadas e dos interlocutores sociais.

Este real decreto dítase de conformidade co previsto no número 1 da disposición derradeira sexta da Lei 27/2011, do 1 de agosto.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Emprego e Seguridade Social, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 28 de decembro de 2012,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

### **Pensión de xubilación, na súa modalidade contributiva**

#### *Artigo 1. Idade de xubilación.*

1. Para efectos da determinación da idade de acceso á pensión de xubilación, nos termos establecidos no artigo 161.1 e na disposición transitoria vixésima do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, o cómputo dos meses realizarase de data a data a partir da correspondente ao nacemento. Cando no mes do vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo, considerarase que o cumprimento da idade ten lugar o último día do mes.

2. Os períodos de cotización acreditados polos solicitantes da pensión de xubilación, para os efectos de accederen á pensión de xubilación cando cumpran a idade que, en cada caso, resulte de aplicación, virán reflectidos en días e, unha vez acumulados todos os días computables, sen que se teña en conta a parte proporcional correspondente ás pagas extraordinarias, serán obxecto de transformación a anos e meses, coas seguintes regras de equivalencia:

- a) O ano adquire o valor fixo de 365 días e
- b) o mes adquire o valor fixo de 30,41666 días.

Para o cómputo dos anos e meses de cotización tomaranse anos e meses completos, sen que se equiparen a un ano ou a un mes as fraccións.

3. Para determinar os períodos de cotización computables para fixar a idade de acceso á pensión de xubilación, ademais dos días efectivamente cotizados polo interesado, teranse en conta:

a) Os días que se consideren efectivamente cotizados, conforme o establecido no artigo 180.1 e 2 da Lei xeral da seguridade social, como consecuencia dos períodos de excedencia que desfruten os traballadores, de acordo co artigo 46.3 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo.

b) Os días que se computen como período cotizado en concepto de beneficios por coidado de fillos ou menores acollidos, segundo o disposto na disposición adicional sexaxésima da Lei xeral da seguridade social e no artigo 6 deste real decreto.

c) Os períodos de cotización asimilados por parto que se computen a favor da traballadora solicitante da pensión, de acordo co establecido na disposición adicional cuadraxésimo cuarta da Lei xeral da seguridade social.

#### Artigo 2. *Base reguladora da pensión de xubilación en supostos de redución de bases de cotización.*

Para efectos da aplicación das previsións establecidas nos números 2, 3 e 4 da disposición transitoria quinta da Lei xeral da seguridade social, para os que cesasen no traballo por causa non imputable á súa libre vontade e, a partir do cumprimento dos 55 anos de idade e ao menos durante vinte e catro meses, experimentasen unha redución das bases de cotización respecto da acreditada con anterioridade á extinción da relación laboral, no que respecta á determinación da base reguladora da pensión de xubilación, terase en conta o seguinte:

a) O cesamento no traballo por causa non imputable á libre vontade do traballador, que pode producirse antes ou despois de facer os 55 anos de idade, enténdese referido á relación laboral máis extensa da súa carreira de cotización extinguida despois de facer os 50 anos de idade.

b) Os vinte e catro meses, non necesariamente consecutivos, con bases de cotización inferiores á acreditada no mes inmediatamente anterior ao da extinción da relación laboral referida na alínea a) anterior, deben estar comprendidos entre o cumprimento da idade de 55 anos ou a de extinción da relación laboral por causa non imputable á libre vontade do traballador, se esta é posterior ao cumprimento da dita idade, e o mes anterior ao mes previo ao do feito causante da pensión de xubilación.

c) No caso de traballadores por conta propia ou autónomos, con respecto aos cales transcorrese un ano desde a data en que se esgotase a prestación por cesamento de actividade, a aplicación do establecido nos números 2 e 3 da disposición transitoria quinta da Lei xeral da seguridade social queda condicionada a que o dito cesamento, producido a partir do cumprimento dos 55 anos de idade, o fose respecto da última actividade realizada previa ao feito causante da pensión de xubilación.

#### Artigo 3. *Contía da pensión.*

1. Para efectos de aplicar as porcentaxes correspondentes para determinar a contía da pensión de xubilación en función dos períodos de cotización acreditados polos solicitantes e reflectidos en días, unha vez acumulados todos os días computables, serán obxecto de transformación a anos e meses, segundo o indicado no artigo 1.2.

2. Para efectos da aplicación dos coeficientes redutores da pensión por xubilación anticipada derivada do cesamento no traballo por causa non imputable á libre vontade do traballador, ou cando a xubilación anticipada derive da vontade do interesado, segundo se establece, respectivamente, nos números 2 A) e 2 B) do artigo 161 bis da Lei xeral da seguridade social, o cómputo dos trimestres que no momento do feito causante falten ao traballador para cumprir a idade legal de xubilación que en cada caso resulte de aplicación realizarase de data a data, contados para atrás desde a data en que o solicitante da pensión cumpriría a idade legal de xubilación.

Para determinar a dita idade legal de xubilación consideraranse cotizados os anos que resten ao interesado desde a data do feito causante até o cumprimento da idade que corresponda.

Cando na data do vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo, considerarase que o cumprimento da idade ten lugar o último día do mes.

*Artigo 4. Achega de documentación para os efectos previstos na disposición derradeira décimo segunda da Lei 27/2011, do 1 de agosto.*

1. Para efectos da aplicación da regulación da pensión de xubilación vixente antes do 1 de xaneiro de 2013, nos supostos recollidos no número 2.b) da disposición derradeira décimo segunda da Lei 27/2011, do 1 de agosto, os traballadores afectados, os representantes unitarios e sindicais ou as empresas, nos dous meses seguintes a partir da entrada en vigor deste real decreto, comunicarán e porán ao dispor das direccións provinciais do Instituto Nacional da Seguridade Social copia dos expedientes de regulación de emprego aprobados con anterioridade ao 2 de agosto de 2011, dos convenios colectivos de calquera ámbito e/ou acordos colectivos de empresa subscritos con anterioridade a esa data, ou das decisións adoptadas en procedementos concursais ditadas antes da data sinalada, nos cales se estableza, nuns e outros, a extinción ou a suspensión da relación laboral, con independencia de que a extinción da relación laboral se producise con anterioridade ou con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2013.

De igual modo, e para os mesmos efectos, nos supostos recollidos na alínea 2.c), segundo inciso, da disposición derradeira décimo segunda da Lei 27/2011, do 1 de agosto, os traballadores afectados, os representantes unitarios e sindicais ou as empresas, nos dous meses seguintes a partir da entrada en vigor deste real decreto, comunicarán e porán ao dispor das direccións provinciais do Instituto Nacional da Seguridade Social os plans de xubilación parcial recollidos en convenios colectivos de calquera ámbito ou acordos colectivos de empresas subscritos antes do día 2 de agosto de 2011, con independencia de que o acceso á xubilación parcial se producise con anterioridade ou con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2013.

Cando, en calquera dos supostos indicados o expediente de regulación de emprego, o convenio colectivo de calquera ámbito ou acordo colectivo de empresa, ou a decisión adoptada no procedemento concursal, afecte un ámbito territorial superior a unha provincia, a comunicación terá lugar na provincia onde a empresa teña a súa sede principal. Para estes efectos, a sede principal deberá coincidir co domicilio social da empresa sempre que nel estea efectivamente centralizada a súa xestión administrativa e a dirección do seus negocios; noutro caso, corresponderá ao lugar en que se encontren as actividades de xestión e dirección.

No caso dos convenios colectivos de calquera ámbito ou acordos colectivos de empresa, xunto á copia deles presentarase un escrito onde se fagan constar os seguintes datos: ámbito temporal de vixencia do convenio ou acordo, ámbito territorial de aplicación, se estes non estiveren xa recollidos nos referidos convenios ou acordos, e os códigos de conta de cotización afectados polo convenio ou acordo.

Pola súa vez, no prazo dun mes desde que finalice o prazo de comunicación dos convenios colectivos de calquera ámbito ou acordos colectivos de empresa a que se refire este número, as direccións provinciais citadas remitirán á Dirección Xeral do Instituto Nacional da Seguridade Social unha relación nominativa das empresas en que se subscribisen eses convenios ou acordos, así como a información relativa aos expedientes de regulación de emprego e ás decisións adoptadas en procedementos concursais.

Mediante resolución da Dirección Xeral do Instituto Nacional da Seguridade Social elaborárase unha relación dos expedientes, convenios colectivos de calquera ámbito ou acordos colectivos de empresa, ou decisións adoptadas en procedementos concursais, nos cales resulten de aplicación as previsións da disposición derradeira décimo segunda da Lei 27/2011, do 1 de agosto.

2. As referencias que no número anterior se efectúan á Dirección Xeral e ás direccións provinciais do Instituto Nacional da Seguridade Social entenderanse realizadas á Dirección Xeral e ás direccións provinciais do Instituto Social da Mariña, nos supostos de expedientes de regulación de emprego, convenios colectivos de calquera ámbito ou acordos colectivos de empresa, ou decisións adoptadas en procedementos concursais, cando, uns e outras, afecten traballadores incluídos no campo de aplicación do réxime especial de traballadores do mar.

3. Se os suxeitos obrigados omitisen efectuar as comunicacións e presentar a documentación no prazo sinalado no número 1 e a Administración da Seguridade Social tiver coñecemento por outra vía da concorrencia dos requisitos previstos na disposición derradeira décimo segunda da Lei 27/2011, do 1 de agosto, procederá a aplicar ao solicitante da pensión de xubilación, cando esta se cause, a lexislación anterior á citada lei.

## CAPÍTULO II

### Beneficios por coidado de fillos ou menores acollidos

#### Artigo 5. *Situación protexida.*

1. De conformidade co establecido na disposición adicional sexaxésima da Lei xeral da seguridade social, os beneficios por coidado de fillos ou menores acollidos consisten no recoñecemento como períodos cotizados do número de días que se sinalan no artigo seguinte deste real decreto, como consecuencia da interrupción da cotización derivada da extinción da relación laboral ou da finalización do cobramento de prestacións ou subsidios por desemprego con obriga de cotizar, producidas entre os nove meses anteriores ao nacemento, ou os tres meses anteriores á resolución xudicial pola cal se constitúe a adopción ou á decisión administrativa ou xudicial de acollemento preadoptivo ou permanente, e a finalización do sexto ano posterior a esta situación.

2. Os días computables como cotizados asignaranse aos períodos sen cotización que teñan os interesados, por non ter existido obriga de cotizar, e que estean comprendidos dentro dos nove meses anteriores ao nacemento, ou os tres meses anteriores á resolución xudicial pola cal se constitúe a adopción ou a decisión administrativa ou xudicial de acollemento preadoptivo ou permanente, e a finalización do sexto ano posterior a esta situación, computándose sempre estes períodos de data a data.

3. Calquera que sexa o réxime que recoñeza a prestación, computaranse os días considerados como cotizados aos traballadores por conta allea aos cales, dentro do período antes mencionado, se lles extingue a relación laboral ou finalizasen prestacións ou subsidios de desemprego con obriga de cotizar durante eles.

#### Artigo 6. *Duración e efectos.*

1. Coa particularidade contida no parágrafo segundo do número 4, a duración do cómputo como período cotizado por cada fillo ou menor acollido aplicarase, a partir do 1 de xaneiro de 2013, de forma gradual do seguinte modo:

Ano	Días computables
2013	112
2014	138
2015	164
2016	191
2017	217
2018	243
2019 e seguintes anos	270

En ningún caso o período computable pode ser maior que a interrupción real da cotización, polo que non poderán computarse máis días que os que corresponderían de ter seguido en activo o traballador ou a traballadora. Por isto, se o número de días con lagoas de cotización no período afectado pola interrupción da vida laboral como consecuencia do nacemento, adopción ou acollemento preadoptivo ou permanente é inferior ao número de días que deben recoñecerse, soamente se recoñecerá un número de días equivalente aos días sen cotización.

Os períodos computables por coidado de fillos ou menores acollidos non poderán superar os cinco anos por beneficiario, calquera que sexa o número de fillos nados ou adoptados ou menores acollidos.

2. En caso de parto, adopción ou acollemento múltiple, recoñecerase independentemente por cada fillo ou menor acollido o número de días sinalados.

3. Cada fillo nacido ou adoptado, ou menor acollido, dará lugar ao cómputo dun novo período cotizado.

4. Os períodos computables en concepto de beneficios por coidado de fillos ou menores acollidos aplicaranse a todas as prestacións, excepto ás prestacións e subsidios por desemprego, e para todos os efectos, salvo para o cumprimento do período mínimo de cotización exixido. Os ditos períodos tampouco terán a consideración de asimilación á alta, para os efectos de poderen causar outras prestacións da Seguridade Social.

Como excepción aos días computables sinalados no número 1, para os exclusivos efectos de determinar a idade de acceso á xubilación prevista no artigo 1, a partir do 1 de xaneiro de 2013 a duración do cómputo como período cotizado será dun máximo de 270 días cotizados por cada fillo ou menor acollido.

5. Os períodos computados como cotizados en concepto de beneficios por coidado de fillos ou menores acollidos aplicaranse ás xubilacións anticipadas, previstas no artigo 161 bis.1 da Lei xeral da seguridade social, para todos os efectos, excepto para reducir a idade de xubilación que corresponda e para o cumprimento do período mínimo de cotización.

Os períodos a que se refire o parágrafo anterior engadiranse, para efectos de determinar a contía da pensión, aos períodos que resulten cotizados como consecuencia da aplicación de coeficientes redutores da idade, nos supostos de grupos ou actividades profesionais cuxos traballos sexan de natureza excepcionalmente penosa, tóxica, perigosa ou insalubre ou se trate de persoas con discapacidade.

#### Artigo 7. *Beneficiarios.*

1. Os beneficios por coidado de fillos ou menores acollidos previstos neste capítulo poden recoñecerse ou atribuírse a calquera dos proxenitores, adoptantes ou acolledores por cada fillo nacido ou adoptado ou menor acollido.

2. Se en ambos os proxenitores, adoptantes ou acolledores, concorren as circunstancias necesarias para seren acredores do beneficio por coidado de fillos ou menores acollidos, este soamente poderá ser recoñecido en favor dun deles, determinado de común acordo. En caso de controversia entre eles, o dereito recoñeceráselle á nai.

3. Por un mesmo fillo ou menor acollido, se a un dos proxenitores, adoptantes ou acolledores non se lle asignan todos os días computables por non ter suficientes baleiros de cotización dentro do período dos nove meses anteriores ao nacemento, ou os tres meses anteriores á resolución xudicial pola cal se constitúe a adopción ou á decisión administrativa ou xudicial de acollemento preadoptivo ou permanente, e a finalización do sexto ano posterior a esta situación, os días non consumidos non poderán ser asignados ao outro.

#### Artigo 8. *Compatibilidade.*

1. Os períodos computables por coidado de fillos ou menores acollidos son compatibles e acumulables cos períodos de cotización asimilados por parto, establecidos na disposición adicional cuadraxésimo cuarta da Lei xeral da seguridade social.

2. Os períodos computables por coidado de fillos ou menores acollidos son compatibles e acumulables cos períodos de cotización efectiva derivados das situacións de excedencia que se desfruten en razón do coidado de fillos ou de menores acollidos, aos cales se refire o artigo 180.1 da Lei xeral da seguridade social, ben que non poderán superar en conxunto os cinco anos por beneficiario cando os beneficios por coidado de fillos ou menores acollidos e os períodos de cotización efectiva concorran na mesma prestación para os efectos de determinar a súa contía ou, cando se trate de xubilación, a idade de acceso e ela prevista no artigo 161.1.a) da Lei xeral da seguridade social.

Artigo 9. *Beneficio por coidado de fillos ou menores acollidos e base de cotización que se considerará na base reguladora doutras prestacións.*

Cando o período computable como cotizado en concepto de beneficio por coidado de fillos ou menores acollidos estea comprendido dentro do período de cálculo para a determinación da base reguladora das prestacións, a base de cotización que se considerará estará constituída pola media das bases de cotización do beneficiario correspondentes aos seis meses inmediatamente anteriores ao inicio da interrupción da cotización ou, se for o caso, cando existan intermitencias na cotización, as correspondentes aos seis meses cotizados inmediatamente anteriores a cada período que se compute.

Se o beneficiario non tiver acreditado o citado período de seis meses de cotización, computarase a media das bases de cotización que resulten acreditadas correspondentes ao período inmediatamente anterior á interrupción da cotización.

### CAPÍTULO III

#### Complementos para pensións inferiores á mínima

Artigo 10. *Residencia en territorio español.*

1. De acordo co disposto no artigo 50.1 da Lei xeral da seguridade social, os beneficiarios de pensións do sistema da Seguridade Social, na súa modalidade contributiva, que non perciban rendementos do traballo, do capital ou de actividades económicas e ganancias patrimoniais, de acordo co concepto establecido para as ditas rendas no imposto sobre a renda das persoas físicas, ou que, percibíndoos, non excedan a contía que anualmente establece a correspondente lei de orzamentos xerais do Estado, terán dereito a percibir os complementos necesarios para alcanzar a contía mínima das pensións, sempre que residan en territorio español e sen prexuízo do que ao respecto establece a normativa internacional aplicable.

A residencia en territorio español acreditarase de conformidade co previsto no Real decreto 523/2006, do 28 de abril, polo que se suprime a exigencia de presentar o certificado de empadramento como documento probatorio do domicilio e residencia nos procedementos administrativos da Administración xeral do Estado e dos seus organismos públicos vinculados ou dependentes.

Non obstante, a presentación do certificado de empadramento será necesaria cando o interesado non preste o seu consentimento para que os seus datos poidan ser consultados a través do Sistema de verificación de datos de residencia, segundo o establecido no artigo único, número 3, parágrafo terceiro, do referido Real decreto 523/2006, do 28 de abril.

2. Entenderase que o beneficiario da pensión ten a súa residencia habitual en territorio español sempre que as súas estadias no estranxeiro sexan iguais ou inferiores a 90 días ao longo de cada ano natural, ou estean motivadas por causas de enfermidade do beneficiario, debidamente xustificadas mediante o correspondente certificado médico.

3. O dereito ao complemento por mínimos perderase se o beneficiario establece a súa residencia fóra do territorio español ou ten estadias fóra do territorio español

superiores a 90 días ao longo de cada ano natural, salvo que o interesado poida acreditar por outros medios que a súa residencia habitual se encontra en España.

Para estes efectos, poderá terse en conta a situación familiar, a existencia de motivos profesionais que o obriguen a se desprazar con tanta frecuencia, o feito de dispor en España dun emprego estable ou a súa intención de o ter.

4. En caso de incumprimento do requisito de residencia, a perda do dereito ao complemento por mínimos terá efectos a partir do día 1 do mes seguinte a aquel en que se produza esa circunstancia.

5. Os complementos por mínimos das pensións non teñen carácter consolidable e extinguiranse polo incumprimento dos requisitos de ingresos ou de residencia, exixidos para a súa obtención.

No suposto de que, con posterioridade á extinción, volva darse algunha das circunstancias determinantes para o seu recoñecemento, os complementos por mínimos non se rehabilitarán por iniciativa da entidade xestora, senón precedendo solicitude e acreditación dos correspondentes requisitos por parte do interesado.

6. O requisito de residencia en territorio español para ter dereito ao complemento para alcanzar a contía mínima das pensións exixírase para aquelas pensións cuxo feito causante se produza a partir do 1 de xaneiro de 2013, con independencia da lexislación aplicable no recoñecemento da pensión.

*Disposición transitoria primeira. Aplicación das normas regulamentarias vixentes en materia de xubilación con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2013.*

As disposicións regulamentarias vixentes en materia de xubilación antes do 1 de xaneiro de 2013 serán de aplicación nos supostos a que fai referencia o número 2 da disposición derradeira décimo segunda da Lei 27/2011, do 1 de agosto.

Así mesmo, as disposicións regulamentarias vixentes en materia de xubilación antes do 1 de xaneiro de 2013 serán de aplicación, en todo o que non se opoñan ao establecido neste real decreto, para o recoñecemento das pensións de xubilación que causen a partir do 1 de xaneiro de 2013 os traballadores non incluídos no número 2 da disposición derradeira décimo segunda da Lei 27/2011, do 1 de agosto.

*Disposición transitoria segunda. Xubilacións ordinarias procedentes de xubilacións parciais.*

Será de aplicación a regulación da pensión de xubilación vixente antes da entrada en vigor da Lei 27/2011, do 1 de agosto, aos que soliciten unha xubilación ordinaria, aínda que esta sexa causada con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2013, e proceda dunha xubilación parcial á cal accedesen con anterioridade ao 2 de agosto de 2011, así como ás persoas incorporadas antes desta data a plans de xubilación parcial, recollidos en convenios colectivos de calquera ámbito ou acordos colectivos de empresas, con independencia de que o acceso á xubilación parcial se producise con anterioridade ou con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2013.

En tal caso, cando o xubilado parcial acceda á xubilación ordinaria despois de facer os 65 anos, durante o tempo transcorrido desde ese momento até a data do feito causante da xubilación plena, non existirá obriga por parte do empresario de manter o contrato de revezamento cun terceiro.

*Disposición transitoria terceira. Traballadores coa condición de mutualistas.*

Aos traballadores que tiveren a condición de mutualistas no 1 de xaneiro de 1967 ou data equivalente, cando accedan á pensión de xubilación cunha idade superior á de 65 anos, a contía daquela recoñeceráselles nos termos establecidos no artigo 163.2 da Lei xeral da seguridade social.

Para tal efecto, recoñecerase ao interesado unha porcentaxe adicional por cada ano completo cotizado entre a data en que cumpra a idade que resulte de aplicación en cada



caso, segundo o establecido no artigo 161.1.a) da dita lei, e a do feito causante da pensión.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto e, de maneira específica, entenderanse derogadas, a partir do 1 de xaneiro de 2013, as disposicións regulamentarias que afecten os contidos de xubilación e estiveren en vigor no 31 de decembro de 2012, en todo o que se opoñan ao establecido neste real decreto, exclusivamente para o recoñecemento das pensións de xubilación causadas, a partir do 1 de xaneiro de 2013, polos traballadores non incluídos no número 2 da disposición derradeira décimo segunda da Lei 27/2011, do 1 de agosto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.17.<sup>a</sup> da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de réxime económico da Seguridade Social.

Disposición derradeira segunda. *Facultades de aplicación e desenvolvemento.*

Facúltase a ministra de Emprego e Seguridade Social para ditar as disposicións de carácter xeral necesarias para a aplicación e desenvolvemento deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», ben que os seus efectos se iniciarán o 1 de xaneiro de 2013, salvo no que se refire ao establecido no artigo 4 e na disposición transitoria segunda, que terá efectos na data de entrada en vigor deste real decreto.

Dado en Madrid o 28 de decembro de 2012.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Emprego e Seguridade Social,  
FÁTIMA BÁÑEZ GARCÍA